



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 07/11/2018 12:29:29

ENTRADA 24531 / RX 2715612



Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia

ASUNTO: Anuncio do 19 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (DOG nº 184 do 26/10/2018).

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación, fai constar os seguintes comentarios, alegacións e suxerencias:

ANTECEDENTES E SITUACIÓN ACTUAL

O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán inclúe un dos espazos marítimo - terrestre de maior valor ambiental do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola singularidade dos seus compoñentes xeolóxicos, xeomorfolóxicos e sedimentolóxicos, como pola biodiversidade a nivel dos seus ecosistemas, comunidades, especies ou da propia diversidade interespecífica.

O Parque Natural foi declarado pola Xunta de Galicia mediante o Decreto 139/1992, aprobándose simultaneamente o seu Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (Decreto 148/1992). Pero en 25 anos, a Xunta de Galicia foi incapaz de dotar ao Parque Natural dun Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX), incumprindo de forma reiterada a normativa estatal e dende 2001 a propia normativa autonómica.

Os primeiros anos do Parque Natural viñeron marcados por unha errática xestión, á que contribuíu decididamente o seu primeiro Director, causante da introdución no Parque Natural de distintas especies exóticas, como a Agave americana, que foron adquiridas e plantadas nas dunas grises como elemento de ornato. Fomentouse tamén o paseo sobre a duna móbil establecendo unha desastrosa pasarela de madeira. A proliferación de novas vivendas, os peches, o descontrol do uso público, caracterizaron tamén as primeiras etapas do Parque Natural e xeraron ademais un mal ambiente con moitos dos propietarios e veciños que aínda continúa na actualidade.

A inclusión do Parque Natural como Humidal de Importancia Internacional do Convenio Ramsar e a súa posterior incorporación á Rede Natura 2000 como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), marcou un punto de inflexión na xestión do Parque Natural, que se viu propiciada polo cambio de Director. En consecuencia, freáronse as afeccións lesivas sobre o Parque Natural. No ano 2013, a situación volve invertirse, cando a Xunta de Galicia asume unha política de desprotección da natureza que se ceba sobre os Parques Naturais de Galicia que se transforman en meros Parques Urbanos ou Turísticos. O modelo ideado pola Xunta de Galicia propón unha xestión centralizada dos parques, sumisa aos intereses políticos, e que se mostrou incapaz de resolver ningún dos problemas que ameazan á conservación da xeodiversidade e biodiversidade, mentres que propician accións lesivas e especulativas nos mesmos.

Na actualidade as debilidades e ameazas na xestión e conservación do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán son máis abundantes e de maior magnitude que as fortalezas e as oportunidades

Entre as afeccións negativas que inciden sobre o Parque Natural debemos resaltar a construción de vivendas sobre áreas ocupadas por ecosistemas dunares, humidais, ou agrosistemas de gran valor ambiental, xunto cos peches que rodean estas construcións e outros predios nos que se pretende construír, establecidos por materiais de fábrica, que resultan impermeables ao tránsito de moitas especies e provocan unha grave deterioración paisaxística. A isto únese ademais distintas obras de acondicionamento de viarios, tanto no interior do Parque Natural como na súa inmediata periferia, que aumentan a impermeabilidade do espazo



e interfieren na dinámica natural dos ecosistemas e das especies que os conforman.

A irrupción das novas construcións no ámbito do Parque Natural está intimamente ligada á aparición e expansión de especies exóticas, especialmente vexetais, que ameazan gravemente o equilibrio ecolóxico dos hábitats protexidos e das poboacións de especies nativas, especialmente de especies endémicas, raras e protexidas. A urbanización do Parque Natural leva ademais consigo unha grave alteración hidrolóxica evidenciada polo avance da cuña salina e en consecuencia con cambios na configuración das biocenoses. No interior do Parque Natural mantéñense ademais construcións e infraestruturas de responsabilidade pública que entran en conflito coa propia normativa ambiental e cuxa existencia evidencia a desidia e desinterese da Xunta de Galicia en conservar e protexer o Parque Natural.

Tamén é destacable a problemática causada pola existencia dentro do Parque Natural dunha planta de formigonado, que explota un afloramento rochoso situado na inmediata periferia do Parque. Os problemas causados polas voaduras, o continuo ruído da planta, a contaminación do aire e das augas, así como o seu grave impacto paisaxístico xeraron distintas demandas pola poboación civil e polos grupos ambientais, que levaron á intervención da Valedora do Pobo do Estado e o compromiso da que entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza, para resolver a situación, expondo de forma temporal unhas medidas preventivas e de control. Pero de novo a Xunta de Galicia, incumpriu a súa palabra, e a planta segue causando os mesmos impactos que en 2011 e anos anteriores.

A actividade agrícola - forestal no Parque Natural afástase substancialmente dos conceptos de "uso racional" e de "uso sustentable", atopándose plantacións de eucaliptos ou de piñeiro de Monterrey (*Pinus radiata*), invadindo áreas que orixinalmente estaban ocupadas por sistemas dunares ou formaban parte do humidal. A actividade agrícola está tamén ligada coa presenza e difusión na área de distintas especies exóticas invasoras, algunhas delas como *Oxalis pes-caprae*, incluída no Real Decreto 630/2013, está intimamente asociada localmente coas prácticas levadas a cabo nas leiras con cultivo de millo. Aínda que a afección máis grande vinculada coa actividade agrícola vincúlase coas afeccións provocadas aos distintos humidais.

O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán é o máis visitado de Galicia, especialmente no período estival, onde se supera amplamente a súa capacidade de carga. Os aparcadoiros móstranse completamente saturados e os vehículos que non atopan praza ocupan irregularmente pistas e predios na periferia do Parque. Un descontrol que se repite ano tras ano e cuxas consecuencias negativas para os visitantes, os residentes e o medio ambiente tamén se incrementa ano tras ano. A falta de vixilancia é manifesta, especialmente no período estival e nos días festivos. Como consecuencia, o tránsito de visitantes por áreas prohibidas segue a producirse de xeito reiterado, especialmente a partir do ano 2013 cando se relaxan, sen ningún tipo de xustificación, todas as medidas de control establecidas en anos previos.

Os efectos máis negativos maniféstanse sobre a Duna Móbil, que día tras día recibe o pisoteo ilegal de distintos visitantes, actuación tolerada polos responsables da Dirección Xeral do Patrimonio Natural, que constitúe un claro exemplo de abandono das funcións e obrigacións que ten encomendada legalmente. Pero tamén se poden observar nas rutas que discorren polo sistema dunar entre Olveira - Villar, onde o tránsito de persoas afecta negativamente á vexetación dunar nativa, mentres que favorece nas áreas removidas o asentamento de especies exóticas invasoras, que nalgúns zonas chegan a ser claramente dominantes fronte á vexetación nativa.

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O BORRADOR DO PRUX

1. Non é comprensible nin admisible o "anonimato" do documento sometido a participación pública pois:
 - a. Hai uns meses a mesma Dirección Xeral de Patrimonio Natural someteu igualmente ao trámite de participación pública o borrador do PRUX do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas no que constaban claramente as identidades dos redactores do documento e do persoal da Dirección Xeral de Patrimonio Natural que avalaron este documento e promoveron a súa tramitación.



- b. Podería ser un intento de ocultar a responsabilidade daqueles que elaboraron ou autorizaron a aceptación dun documento sen o rigor legal e técnico esixible, malia ser un documento froito dun Concurso Público, no que se destinaron orzamentos públicos, parte deles do Programa FEDER da Unión Europea.
2. O borrador do PRUX carece do mínimo rigor que se espera a un documento de planificación dun espazo natural protexido - menos aínda dun espazo coa singularidade, fragilidade e abandono institucional como é o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán - pois no documento de escasa calidade e plagado de plaxios:
 3. Incórrrese en graves erros tanto dende un punto de vista xurídico, como técnico-científico en relación coa diagnose dos compoñentes do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a avaliación do seu estado de conservación e a formulación de medidas de xestión, que na maioría dos casos resultan contrarias aos obxectivos de conservación dun Parque Natural e aos obxectivos e normativas ambientais que derivan das distintas figuras de áreas protexidas que posúe este mesmo territorio.
 - a. Esquécese ou obvíase o marco xurídico dos Parques Naturais derivado da lexislación estatal (Ley 42/2007) e das distintas figuras de protección que inciden neste territorio, especialmente as vinculadas coa súa pertenza á Rede Natura 2000 (Directiva Aves, Directiva Hábitat, Ley 42/2007; Decreto 37/2014) e as derivadas da súa condición de humidal protexido (Ley 42/2007; Lei 9/2001; Decreto 127/2008), así como a normativa relativa ás especies protexidas de flora e fauna silvestre. Deste xeito expoñen ao longo do documento medidas de xestión que entran en flagrante contradición, cando non en aberto incumprimento, das normativas existentes, a través dun documento que non ten capacidade, nin competencia, para saltarse o ordenamento xurídico existente de maior rango.
 - b. O borrador do PRUX non resolve ningún dos problemas sinalados no apartado de antecedentes e situación actual, máis ben os enquistou ou os incrementa, resultando lesivo para a conservación do espazo natural, especialmente en relación co incumprimento das obrigacións emanadas da normativa ambiental europea, nacional e autonómica, subordinando a protección e conservación (de ecosistemas, paisaxe, hábitats e especies de flora e fauna silvestre) aos intereses especulativos duns poucos cidadáns, como queda en evidencia no tratamento alegal que o PRUX diseña para a actividade urbanística.
 4. O borrador do PRUX non contempla en consecuencia os obxectivos e determinacións da política ambiental que nos últimos anos foron aprobadas pola Unión Europea e polo Goberno de España, expondo medidas que nos afastan substancialmente das políticas de ámbito internacional, especialmente das derivadas dos acordos subscritos no ámbito do Convenio da Diversidade Biolóxica, o Convenio Ramsar ou o Convenio Europeo da Paisaxe.
 5. A Ley 42/2007 (na súa versión consolidada), contempla no artigo 29.2. "*Se se solapan nun mesmo lugar distintas figuras de espazos protexidos, as normas reguladoras dos mesmos, así como os mecanismos de planificación deberán ser coordinados para unificarse nun único documento integrado, ao obxecto de que os diferentes réximes aplicables en función de cada categoría conformen un todo coherente. Constitúen unha excepción ao anterior os supostos en que as distintas figuras de espazos protexidos correspondan a diferentes Administracións Públicas, sen prexuízo da colaboración interadministrativa pertinente*". O actual documento incumpre abertamente este mandado establecido pola normativa estatal, ao presentar un documento totalmente descoordinado do resto da normativa do Parque Natural (Decreto 139/1992; Decreto 148/1992), así como do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014), expondo réximes de xestión e protección incoherentes con estes e coa propia lexislación básica do Estado (Ley 42/2007), a normativa que regula a Rede Natura 2000 (Directiva Aves, Directiva Hábitat) e a normativa que regula a figura de Humidal Protexido e de Humidal de Importancia Internacional. A situación resulta aínda máis criticable cando todas as figuras de áreas protexidas que inciden en Corrubedo son xestionadas por unha única administración, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
 - a. Os contidos dos PORN e dos PRUX están establecidos pola Lei 9/2001 e a Ley 42/2007. No documento presentado a participación pública abórdanse contidos que son propios dun PORN, provocando un



- solapamento cos establecidos no propio PORN do Parque Natural e os contemplados no PORN do Plan Director da Rede Natura 2000. Pero o tratamento entre os contidos do PRUX e de ámbolos PORN resulta totalmente incongruente, cando non contrario, e compre salientar que non se pode modificar o contido dun PORN a través dun PRUX; sobre este extremo existe unha ampla xurisprudencia que levou á paralización, cando non á anulación do proceso de elaboración de PRUX.
- b. Entre as medidas de xestión e propostas de actuación se encontran actuacións que contradín os obxectivos e finalidades dun Parque Natural establecidos na Ley 42/2007 e na Lei 9/2001, promovendo actuacións que non se deberían promocionar nun Parque Natural, e menos aínda a costa de minguar o estado de conservación dos ecosistemas e dos seus compoñentes.
 - c. O borrador do PRUX incumpre abertamente a Ley 42/2007, a Lei 9/2001 e o Plan Director da Rede Natura 2000, e outorga primacía normativa ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira. Pero, agás que se pretenda incumplir a lei, resulta inaceptable dar carta de legalidade ambiental a un PXOM:
 - i. Que non está adaptado á normativa vixente, nin á normativa anterior.
 - ii. Que contempla unha clasificación de solo urbano, solo de núcleo rural ou ampliación do núcleo rural que afecta de forma grave á integridade do espazo natural e ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e dos hábitats e poboacións de especies protexidas, que nunca foi avaliada en conformidade ao establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e na Ley 42/2007, e que, en consecuencia, é contrario á normativa ambiental que incide sobre o Parque Natural. Que suporía un desenvolvemento urbanístico caótico no Parque Natural.
 - d. A totalidade do Parque Natural intégrase na Rede Natura 2000, formando parte dunha ZEC e dunha ZEPA, cuxo instrumento de xestión, o Plan Director da Rede Natura 2000, foi aprobado como un "Plan de Ordenación dos Recursos Naturais" (Decreto 37/2014) redactado en conformidade coas disposicións contempladas na Ley 42/2007, a Directiva Aves e a Directiva Hábitats. A pesar diso, a redacción do PRUX do PN de Corrubedo realízase á marxe dos obxectivos, procedementos e medidas de xestión contempladas no devandito PORN-Plan Director, incumprindo de forma grave e reiterada o artigo 6 da DC 92/43/CEE e o artigo 46 da Ley 42/2007 (versión consolidada BOE 21/07/2018).
 - e. A totalidade do Parque Natural foi declarada Humidal Protexido, figura de Espazo Natural Protexido derivada da Lei 9/2001, e foi incluído polo Goberno de España na Listaxe de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar, e por tanto posúe o status legal de "*Áreas protexidas por instrumentos internacionais*" derivado da Ley 42/2007. O PRUX esquece ou obvia o status de protección dos humidais protexidos expondo un conxunto de medidas, como a recuperación dos sangrados, que teñen un efecto moi prexudicial para o estado ecolóxico do humidal. Determinacións que vulneran en consecuencia a normativa vixente. A iso únese tamén a ausencia de referencias a prohibicións derivadas da normativa estatal que afectan significativamente aos humidais Ramsar, como é a tenencia e uso de munición de chumbo, que non aparece expresamente recollida no PRUX.
 - f. Resulta igualmente incongruente moitas das determinacións do PRUX en relación co Decreto de creación do Parque Natural (Decreto 139/1992) e coas establecidas no propio PORN do Parque Natural (Decreto 148/1992). Determinacións que non foron modificadas ata a actualidade, e que legalmente non poden ser modificadas a través dun PRUX a pesar de que os redactores do mesmo empéñanse en realízalas.
 - g. Moitas das determinacións expostas no PRUX entran en conflito coas obrigas de conservar os hábitats e as poboacións protexidas e/ou catalogadas de flora e fauna silvestre. Expondo medidas de xestión, obviando ou descoñecendo as súas repercusións sobre o estado de conservación destas, que xerasen a curto ou medio prazo un grave declive dos seus hábitats e das súas poboacións.
6. Malia ter transcorridos 25 anos dende a declaración do Parque Natural, o primeiro declarado pola Xunta de Galicia, o PRUX non fai nin unha mínima análise das actividades de xestión, conservación, e uso público levadas a cabo, os programas e actuacións realizadas, os investimentos e as peticións dos

membros da Xunta Consultiva, nin dos problemas e necesidades máis perentorios do Parque.

7. No borrador do PRUX tampouco se aborda de forma axeitada:
 - a. O problema do uso público, con aparcadoiros de vehículos irregulares, establecidos sobre áreas incluídas parcialmente no DPMT e que deberían albergar ecosistemas dunares en lugar de coches, situando estes fóra do perímetro do Parque Natural.
 - b. O incumprimento da normativa ambiental ao tolerar o pisoteo no sistema dunar, e especialmente sobre a duna móbil, eliminando todas as medidas efectivas de control que noutro tempo foron impulsadas para garantir a conservación da única representación de Duna Móbil existente no territorio Atlántico de España. Unha maneira como outra de destruír un país.
8. O borrador do PRUX non ten en conta a abundante información científico-técnica referente aos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade que se publicaron nos últimos 25 anos, parte dela mesmo con axudas da propia Dirección Xeral, ou a través de fondos públicos da Xunta de Galicia ou da Unión Europea. O descoñecemento desta información xera un documento sen base, cheo de inexactitudes, de valoracións equívocas, que en ningún caso garante nin a protección dos compoñentes da xeodiversidade e da biodiversidade, e menos aínda un uso racional dos recursos naturais.
9. En pleno século XXI, o normal sería que o PRUX expuxese a "necesidade" a través dos procedementos legais establecidos de incrementar a exigua superficie do Parque Natural, integrando maior superficie mariña, fortalecendo a conexión coa área definida polo Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Incrementando ademais a superficie terrestre tanto en relación coas áreas que forman parte da Rede Natura 2000, como en relación con outros espazos que na actualidade carecen desta protección, pero que figuraron en distintas propostas elaboradas pola Xunta de Galicia, especialmente o Cabo Corrubedo, que debería estar integrado dentro do Parque Natural.

Sen ser exhaustivos na análise dos distintos apartados do borrador do PRUX, dado que en termos xerais o seu contido é moi deficiente, SGHN considera oportuno salientar algúns dos puntos do mesmo nas seguintes

ALEGACIÓNS ESPECÍFICAS SOBRE O PRUX

1. Memoria

1.3 Ámbito de aplicación do PRUX

O ámbito do PRUX resulta confuso. Os límites do Parque Natural deben ser coincidentes cos establecidos no Decreto de declaración do Parque Natural. O PRUX non ten capacidade de modificar estes límites, e menos aínda excluír de status legal de Parque Natural ningunha zona xa declarada. De facelo suporía un grave incumprimento da lexislación estatal (Ley 42/2007). No documento presentado a información aportada é confusa. Ademais, indícase no apartado 1.3, que os límites establecidos na memoria do PRUX prevalecen sobre os recoñecidos actualmente. Débese aclarar este punto e deixar claro que non hai modificación de límites, xa que de non ser o caso estaríamos ante unha flagrante ilegalidade que poría en cuestión a totalidade do documento. O apartado debería ser completamente reformulado.

1.5. Diagnose. Prognóstico e potencialidades

A Lei 9/2001 fixa os contidos "mínimos" do PRUX, entre os que non se atopa a diagnose dos compoñentes ambientais, xa que de acordo coa Ley 42/2007 e a propia Lei 9/2001 é unha competencia propia dos PORN. No borrador o PRUX do PN de Corrubedo adícanse máis de 50 páxinas, das 168 que contén o Plan, a identificar os compoñentes da biodiversidade e do Patrimonio Natural, pero dita descrición está feita sen o mínimo rigor científico - técnico, presentando datos que en moitos casos resultan discordantes coa información oficial que a propia Xunta de Galicia incluíu en documentos oficiais (Plan Director da Rede Natura 2000, Formularios normalizados da ZEPA e ZEC, datos da Ficha Ramsar, etc), e noutros casos non teñen ningún tipo de respaldo científico. A maiores inclúense datos achegados polos "anónimos autores" do documento, como resultado dunhas breves xornadas de campo. Este proceder resulta totalmente inaceptable

no diagnóstico dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural dun instrumento de planificación dun espazo protexido e a súa aprobación ademais de ser susceptible de provocar unha grave perda ou deterioración dos compoñentes da xeodiversidade e biodiversidade, xeraría unha grave inseguridade xurídica entre os cidadáns e os propios xestores do espazo natural.

1.5.1. Xeoloxía e xeomorfoloxía

Debería reformularse completamente pois achégase unha información xeral, con datos obsoletos (Vila et al 1987), obviando a información sobre os compoñentes da xea que se obtiveron no ámbito do Parque Natural nos últimos anos, así como a información contida sobre estes aspectos en distintos traballos realizados e aprobados pola Xunta de Galicia, como é o Plan do Litoral. O apartado debería ser completamente reformulado.

1.5.2. Clima

Debería reformularse completamente pois falta unha caracterización bioclimática da área onde se sitúa o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, avaliando aqueles elementos que inciden na distribución e configuración de determinados ecosistemas ou sobre a presenza de determinadas especies, así como aqueles parámetros relevantes sobre a xestión do uso público do Parque Natural. O apartado debería ser completamente reformulado.

1.5.3 Hidroloxía

Debería reformularse completamente pois a caracterización hidrolóxica resulta deficiente máis aínda para un espazo que na súa totalidade posúe o status legal de Humidal de Importancia Internacional. O apartado debería ser completamente reformulado.

1.5. Solos

Debería reformularse completamente pois inclúense uns parágrafos xenéricos sobre as características de distintos tipos de solos de Galicia, sen achegar datos específicos sobre os solos do Parque Natural. Non hai ningunha referencia ás biocenoses edáficas, o solo considérase como un medio abiótico, aspecto deficiente que aínda resulta máis deficiente na diagnose dun Parque Natural.

1.7. Especies de interese para a conservación

Compre salientar o uso inadecuado de termos científicos como "BOSQUES" para designar ás repoboacións forestais de especies alóctonas (piñeirais de *Pinus pinaster*) plantadas polo Patrimonio Forestal Español ao comezo do franquismo.

1.6.1. Inventario de hábitats de interese do Parque

Debería reformularse completamente pois en lugar de usar a listaxe oficial de hábitats recollida no último Formulario Normalizado de Datos Natura 2000 ou no Plan Director emprégase un traballo anterior, sen facer ningunha referencia á información oficial.

1.6.2. Áreas prioritarias para a conservación de hábitats

Debería reformularse completamente pois:

- Supón un flagrante e grave incumprimento da Directiva Hábitat, a Directiva Aves e a Ley 42/2007, en canto pretende establecer "áreas prioritarias" e por conseguinte "áreas non prioritarias" para a conservación dos hábitats, cando o PRUX do Parque Natural non ten posibilidade legal de modificar o status de protección asignado de forma global aos espazos da Rede Natura 2000 pola normativa europea e normativa estatal, creando áreas onde a conservación dos hábitats teña un maior ou menor grao de protección á marxe da regulación derivada do artigo 6 da DC 92/43/CEE cunha proposta encamiñada a reducir a protección legal e efectiva de áreas do Parque Natural para permitir actividades e usos que resultan incompatibles cos obxectivos establecidos na normativa europea, estatal ou autonómica.
- Ao contrario que no apartado 1.6.1 do borrador do PRUX - no que se copian as descrições e denominacións dos hábitats incluídas no "Manual de Hábitats de Galicia" de Ramil e Guitián, 2008 (que traducen ao castelán e ao galego as designacións e descrições contidas no Manual de

Interpretación dos Hábitats da Unión Europea (Comisión Europea), no apartado 1.6.2 abandonanse as designacións e descricións legais para acuñar un conxunto de termos propios que xeran unha gran confusión ao tratar de vincular os mesmos cos hábitats de interese comunitario ou coa propia tipoloxía de hábitats da Unión Europea.

1.6.2.2. Ameazas aos hábitats

Debería reformularse completamente pois:

- Os autores o revisores evitan utilizar o sistema de clasificación de "presións" e "ameazas" establecido pola Comisión Europea e que é empregado obrigatoriamente na Rede Natura 2000, para usar un obsoleto e pouco relevante sistema de clasificación da IUCN que non ten rango oficial no Estado Español nin na Unión Europea.
- As recomendacións sobre a xestión de determinados tipos de hábitats de interese comunitario e especialmente daqueles considerados como prioritarios realízanse á marxe das consideracións legais fixadas na DC 92/43/CEE, entrando en consecuencia en conflito legal con esta e co desenvolvemento normativo da mesma a través da Ley 42/2007. Moitas das propostas de xestión expostas realízanse sen un mínimo rigor científico-técnico e son susceptibles de causar unha grave deterioración sobre o estado de conservación dos hábitats, así como dos seus compoñentes.
- A información relativa ás especies exóticas invasoras presentes no Parque Natural e a proposta de actuación sobre as mesmas realízase de forma moi deficiente, con graves carencias tanto na súa diagnose, avaliación de efectos ambientais e, o máis grave, na formulación de accións de control ou mitigación. Sorprende a inclusión da autóctona perdziz común *Alectoris rufa* no listado de especies invasoras.

1.6.3. Conservación dos hábitats de interese no Parque

Debería reformularse completamente pois incumpre abertamente a normativa reguladora sobre os hábitats establecida pola normativa europea (Directiva Hábitat), estatal (Ley 42/2007) e autonómica (Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia).

1.7. Especies de interese para a conservación

Debería reformularse completamente pois:

- Resulta moi deficiente. Ao longo de todo o apartado mestúranse de forma arbitraria distintos status legal das especies co grao de ameaza derivado da aplicación dos criterios propostos pola IUCN. A maiores, omítese a información oficial sobre o estado de conservación das especies acorde cos procedementos de avaliación establecidos na normativa.
- Carece do rigor esixible. Sen achegar ningún tipo de referencia bibliográfica, e menos aínda un catálogo florístico, indícase que a flora do Parque Natural rolda as 1.000 especies, afirmación que, de ser certa, supoñería que nas menos de 1.000 ha do Parque Natural atópase case o 50% da flora de Galicia, un valor que non é correcto. Cálculos igualmente erróneos realízanse para outros grupos de especies.
- O tratamento dos grupos taxonómicos resulta moi desigual. Nalgúns grupos inclúense mostraxes, sempre en breves períodos e sen explicar metodoloxía, que non resultan validables a maiores do feito negativo de que non se coñece o autor ou autores dos mesmos. Non se poden incorporar datos sobre presenza / ausencia de especies en base a unha información de autores anónimos. Tamén resulta moi criticable a falta de información de determinados grupos de especies. Así, no caso dos peixes nin se achegan datos de fauna dos medios de augas doces, salobres ou mariños para logo incluír unha táboa de especies protexidas de peixes.
- Chama a atención a discordancia entre as especies apuntadas no texto do PRUX coa información contida nos bancos de datos ambientais (bases de datos oficiais: Wetlands International - Secretaria Convenio Ramsar; EIONET- EEA Comisión Europea, Banco de Datos da Natureza, Ministerio de Transición Enerxética e Medio Ambiente), que se nutren da información fornecida pola Xunta de



Galicia. Resulta pouco prudente contradicir esta información a partir dun conxunto de datos fornecidos por unha persoa ou persoas ocultas no anonimato, sen indicar metodoloxía, sen adaptarse aos protocolos de inventario establecidos, sen contar cunha autoridade científica que apoie ou confirme dita información. Estamos pois ante un procedemento pouco ortodoxo que ademais de xerar erros que poden xerar afeccións sobre os compoñentes da biodiversidade e que poden ademais provocar unha grave inseguridade xurídica aos cidadáns e cidadás, así como aos técnicos e responsables da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en canto as súas determinacións e valoracións poden estar sostidas sobre datos erróneos ou viciados. Situación que sería moi fácil de demostrar ante un tribunal. A inclusión ou exclusión dunha especie protexida na listaxe dun espazo natural debe estar apoiada por datos científico-técnicos realizados por persoal cualificado e acorde cos propios protocolos e procedementos que se establecen na normativa. Non ten sentido plantexar cambios de especies á marxe dos procedementos, e menos aínda contradicir as fontes de información oficial, salvo que se pretenda provocar situacións de inseguridade xurídica.

- Nun documento oficial débese manter a designación oficial das especies de flora e fauna protexida para non crear confusión e inseguridade xurídica. Se o equipo redactor e revisor optan por incluír outras denominacións propostas recentemente (validadas ou non en traballos globais de taxonomía de flora ou fauna a nivel estatal ou internacional) o correcto sería incluílos ao carón dos nomes recollidos nos textos legais.
- A maioría das referencias bibliográficas empregadas son do século XX, apenas se inclúen traballos recentes, a pesar de que para moitos grupos taxonómicos existen numerosos traballos científico-técnicos realizados polos investigadores das universidades galegas, así como polas ONG.
- As listaxes sobre a presenza de especies deben ser completamente revisadas. Sería oportuno que a mesma fose avaliada por especialistas en botánica e zooloxía de recoñecido prestixio.

1.8. Especies invasoras

Debería reformularse completamente pois:

- A listaxe de especies exóticas invasoras presentes no Parque Natural é incompleta. Óbvianse especies exóticas cun neto carácter invasor que son facilmente visibles en distintas áreas do Parque Natural, como é o caso do *Cynodon dactylon*, *Sporobolus indicus*, entre outras, que xeran unha grave afección sobre os medios dunares. Das especies listadas non hai unha mínima caracterización sobre a superficie de ocupación, vías de penetración, afeccións sobre hábitats e sobre especies, etc. Se a diagnose das plantas exóticas invasoras é deficiente, máis aínda o son os procedementos e formulacións deseñados para o seu control e mitigación, cunha redacción pon en evidencia o descoñecemento sobre a problemática destas especies e en particular a súa incidencia sobre o Parque Natural.
- Chama a atención a ausencia de datos sobre os labores de control de especies exótica invasoras efectuadas no Parque Natural desde a súa declaración. Sería oportuno coñecer as actuacións realizadas, as especies controladas, os resultados do control e os custos dos mesmos sen ter que recorrer á hemeroteca.

1.9. Paisaxe

Debería reformularse completamente pois:

- Non ten en conta as determinacións establecidas pola propia Consellería de Medio Ambiente en distintos plans que foron aprobados oficialmente, unha situación que pon en evidencia a falla de criterio e profesionalidade dos anónimos redactores do PRUX e dos anónimos responsables da D.X do Patrimonio Natural que validaron oficialmente o documento.
- A maiores da información contida nos Plans e Directrices da Paisaxe promovidas pola Consellería de Medio Ambiente, sería oportuno integrar neste apartado o interese por manter e conservar os muros de pedra seca e os peches con formacións de arbustos ou árbores autóctonos dado o seu valor paisaxístico, cultural e ambiental, para no apartado normativo prohibir de forma clara e nítida a construción con perpiños de granito, os muros de ladrillo ou de cemento, e o uso de formacións de arbustos ou árbores alóctonas.
- Dada a abundancia de elementos que poden ser considerados como representativos do "Feísmo Galego" debería realizarse un inventario dos medios e propoñer medidas para a súa corrección.
- No apartado inclúese unha diagnose histórica da paisaxe do Parque Natural que debería ser reformulada por completo. Nela os autores avogan por recuperar prácticas e usos agrícolas e gandeiros xa esquecidos que tiveron unha repercusión negativa sobre o estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats e das especies. Así resulta inaceptable que nun humidal Ramsar se continúe plantexando a necesidade de recuperar e manter limpos os sangrados (corcovas ou córcovas), cuxa única finalidade era alterar o funcionamento natural do humidal, provocando un desequilibrio ecolóxico con enormes consecuencias para a conservación de compoñentes da biodiversidade do humidal, á conta de gañar superficie de medios artificiais de baixa ou moi baixa diversidade. Este tipo de prácticas entra en conflito tanto coas regulacións establecidas na normativa da Rede Natura 2000 de Galicia como a establecida na normativa que regula os humidais protexidos. Os sangrados (corcovas ou córcovas), pouco teñen que ver coas canles de alimentación e desaugadoiro dos muíños, aspecto que os redactores do Plan non teñen claro e consideran erroneamente como homólogos.

1.10. Corredores ecolóxicos

Debería reformularse completamente pois:

- Empréganse datos de obtidos de traballos non reflectidos no apartado de bibliografía. A análise de corredores debe ser posterior ao das áreas núcleo que se queren unir, así como á análise das presións e ameazas sobre estes, e especialmente a presión xerada polo crecemento urbano na periferia do Parque Natural.
- Chama a atención que neste apartado se saliente a fragilidade de área perimetral do Parque Natural, onde parece claro que a desconexión coa contorna - especialmente a través dos cursos do Artes, as áreas de humidais existentes na periferia do Parque (Cabo Corrubedo, Vixán) e o espazo litoral - tería unhas consecuencias desastrosas sobre a integridade ecolóxica do Parque Natural. Polo que non resulta aceptable que nos apartados posteriores se tolere e favoreza o incremento da presión urbanística dentro do Parque Natural. O propio PRUX esta condenando á destrución ao Parque Natural.

1.11. Usos e aproveitamentos actuais e previstos

Debería reformularse completamente e adaptarse á lexislación vixente pois:

- A caracterización dos usos e aproveitamentos actuais resulta moi deficiente.
- Obvia a existencia do "Medio Mariño" e non alude a ningunha actividade pesqueira ou marisqueira, tanto de carácter legal como ilegal, dentro do ámbito do Parque Natural.
- No subapartado 1.11.2 Usos e aproveitamentos previstos, indícase: "*Agárdase un pequeno aumento das superficies artificiais na periferia do Parque, dada a demanda de superficie para construción e a artificialización cada vez maior en torno aos asentamentos humanos. Ou aumento desta superficie queda, en calquera caso,*



limitado pola normativa urbanística e pola propia normativa incluída neste Plan". Xa que logo os redactores prevén e asumen un incremento da superficie urbana no Parque Natural, dada a demanda por construír. Incremento que se produciría a custo da integridade do espazo natural e do estado de conservación dos seus compoñentes, favorecendo este proceso ao subordinar a protección ambiental aos intereses urbanísticos, enmascarados nun PXOM anticuado que leva sen adaptarse á normativa ambiental dende hai máis de 10 anos. Unha situación irregular que os redactores anónimos do Plan e os responsables da Dirección Xeral do Patrimonio Natural expoñen á marxe das obrigacións e criterios que marca a actual normativa ambiental, especialmente a Ley 42/2007 e a Lei 9/2001. Estamos ante unha formulación indecente e inaceptable nun documento público que pretende ser un instrumento de planificación dun Parque Natural xa que, detectada a ameaza que supón o urbanismo sobre a integridade do Parque Natural e sobre o estado de conservación dos compoñentes da xeodiversidade e a biodiversidade, a administración debería asegurar a través da normativa do Parque que dita ameaza non tivese ningunha transcendencia sobre os compoñentes da biodiversidade ou a integridade do espazo, e iso resólvese fortalecendo as medidas de conservación e protección e considerando como prohibidas aquelas contrarias ás mesmas. Os redactores "anónimos" do Plan prevén un incremento da superficie construída no Parque Natural derivada do interese duns particulares, obviando o interese e o deber dos poderes públicos por velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva, como recolle o artigo 45 da vixente Constitución. A maiores este procedemento desvincúlase de calquera tipo de control ambiental, subordinándoa exclusivamente ao PXOM e do propio PRUX, que no caso do primeiro redáctase e aproba á marxe das especificacións e obrigacións establecidas na normativa que regula a figura de Humidal Protexido, e as normativas que regulan as figuras de Rede Natura (Directiva Aves, Directiva Hábitats, Plan Director da Rede Natura 2000).

- Tamén resulta contrario ao actual ordenamento xurídico interferir negativamente na dinámica natural dos hábitats de interese comunitario, tal e como expresan os redactores anónimos do PRUX: "*Agárdase tamén un incremento da superficie ocupada por hábitats naturais á conta de superficie agraria, debido ao abandono maioritario das tarefas agrícolas e gandeiras. Porén, existe certa demanda para a recuperación de terras agrarias que podería frear ou reverter esta dinámica de abandono. No presente Plan plantéxanse directrices que teñen por obxectivo favorecer ou manter a recuperación de usos agro- gandeiros que tamén se agarda que poidan frear ou reverter a dinámica de abandono. En calquera caso, aquelas terras agrarias sen uso evolucionan rapidamente cara formacións arboradas naturais, polo que se agarda un aumento de superficie dos diferentes tipos de formacións boscosas.*"
- Resulta moi oportuno lembrar o artigo 45 da Constitución Española onde se indica: 1.- Todos teñen o dereito para gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. 2.- Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva. 3.- Para quen viole o disposto no apartado anterior, nos termos que a lei fixa estableceranse sancións penais ou, no seu caso, administrativas, así como a obrigación de reparar o dano causado. Baixo este articulo subxace o dereito dos cidadáns para gozar dunha calidade de vida que sexa coherente coa dignidade da persoa recoñecida no artigo 10 da Constitución. Ambos os valores, a dignidade da persoa e calidade de vida, foron vinculados pola Sentenza do Tribunal Constitucional 102/1995, pois "cada cal ten o dereito inalienable a habitar na súa contorna de acordo coas súas características culturais". Só nese contexto pode entenderse a importancia do artigo 45 da Constitución. Estamos ante un dos principios reitores da política social e económica do Estado Español. Iso significa que a conservación do medio ambiente convértese nun verdadeiro fin transversal que inspira a actuación de todas as autoridades. O seu recoñecemento, respecto e protección deberán, pois, informar a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos de acordo co artigo 53.3 da Constitución. Neste sentido a STC 126/2002 sinala que non cabe escudarse na falta de competencia para non actuar, pois todas as Administracións deben

adecuar as súas políticas a este obxectivo. De acordo con esta Sentenza a protección do medio ambiente é un deber finalista que se proxecta sobre calquera decisión de índole pública. Algúns xuristas de recoñecido prestixio non dubidaron en afirmar que todo iso tradúcese en que a xurisprudencia adoptou un principio de "in dubio pro natura". Aspecto que con todo é quebrantado con malicia e de forma reiterada no borrador do PRUX, comportamento que podería ser obxecto de investigación e no seu caso sanción acorde co punto 45.3 do mencionado artigo.

2. Obxectivos operativos e de xestión

Son un "copia e pega" doutros documentos, pero nun PRUX quedan moi xenéricos, botándose en falla unha maior concreción, especialmente en relación con aquelas debilidades e ameazas que afectan á integridade do Parque Natural e á dos compoñentes da xeodiversidade e biodiversidade.

En calquera caso, de nada serven estes ou outros obxectivos, se os subseguintes apartados de medidas de xestión os vulneran de forma continuada ao permitir o incremento da superficie urbanizada ou a degradación dos ecosistemas e dos procesos naturais.

3. Zonificación

Debe refacerse completamente, adecuándose ao marco normativo vixente e aos obxectivos de conservación e protección que deben primar nun Parque Natural pois:

- A Lei 9/2001 de Conservación da Natureza fixa como contido dos PORN a zonificación (art. 32.1.3) e como contido dos PRUX a delimitación das áreas de diferentes usos que deberá levar a cabo de acordo co contido do PORN (art. 34.2).
- O ámbito territorial do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán posúe na actualidade dúas zonificacións establecidas en senllos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais: a establecida polo PORN específico do Parque Natural aprobado mediante o Decreto 148/1992 e a súa modificación polo PORN - Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014). Nesta última zonificación o ámbito do Parque Natural queda distribuído en dúas das tres unidades de zonificación: Zona 1: Área de Protección e Zona 2: Área de Conservación. **Xa que logo, o Plan Director non designa dentro do territorio do Parque Natural, a Zona 3: Zona de uso xeral.**
- No borrador do PRUX do Parque Natural propóñense tres unidades de zonificación: Zona I, de uso Limitado. Zona II, de uso Compatible. Zona III, de Uso Xeral. Os seus nomes, definicións, obxectivos, distribución territorial e normativa non resultan para nada coincidentes coas fixadas no PORN do Parque Natural (Decreto 148/1992) e no PORN da Rede Natura 2000 (Decreto 37/2014):
 - **A delimitación dunha Zona III como de Uso Xeral contravén o Decreto 148/1992 e o Decreto 37/2014, polo que resulta ilegal.**
 - A incongruencia entre ambos os sistemas de zonificación (PORN-Parque Natural e PORN-Plan Director fronte ao PRUX), incumpre a obriga de que as normas derivadas de dous ou máis instrumentos de planificación dos espazos naturais establezan un réxime normativo coherente (Ley 42/2007, art. 29.2).
 - O emprego dun sistema de zonificación "Rede de Parques Naturais de Galicia" non ten validez pois non foi sometido a participación pública nin aprobado legalmente, contradicindo de novo a Ley 42/2007 ao impoñer regulacións nos espazos naturais protexidos á marxe dos seus instrumentos de ordenación ou da normativa reguladora vixente.
- O PRUX indica que a Zona III é susceptible de albergar actividades que poden chegar a ter un elevado impacto no medio, citando entre elas as áreas urbanizadas, as explotacións mineiras, ou as infraestruturas de uso público:
 - Esta formulación contradí abertamente os obxectivos do propio PRUX e a normativa ambiental de

aplicación no espazo.

- Resulta paradoxal que nun instrumento de planificación dun Parque Natural se contemple a posibilidade de asumir dentro do espazo actividades que xeran un elevado impacto. Cando o lóxico sería expor e asumir que estas se situasen fóra do Parque Natural, máis aínda tratándose dun Parque Natural de mínimas dimensións e sendo posible situar estas ou outras actividades de forte impacto fóra do parque ou das súas inmediacións. Compre lembrar que de acordo coa lexislación de Avaliación Ambiental as actividades, plans, proxectos ou programas que poidan xerar un elevado impacto nun espazo natural protexido e especialmente nun Parque Natural, Humidal Ramsar ou Espazo da Rede Natura 2000, deben ser sometidas obrigatoriamente a Avaliación de Impacto Ambiental e en calquera procedemento obxectivo e rigoroso de EIA o primeiro paso é unha análise de alternativas, que de levarse a cabo no caso do PN de Corrubedo, estas actividades nunca serían autorizadas.
- Semella que aa Zona III Uso xeral contemplada no PRUX ten a finalidade de permitir e fomentar un desenvolvemento urbanístico irracional e insustentable, contrario aos obxectivos do Parque Natural e da normativa e instrumentos de xestión que inciden sobre este singular espazo, e hipotecando a protección e conservación dos ecosistemas, hábitats e especies, e en consecuencia a integridade do espazo e o estado de conservación dos seus compoñentes.

4. Medidas de xestión

4.1. Normativa sobre a que se estrutura o PRUX

- Os acordos internacionais non son normas e, por tanto, deberían separarse delas. Se ben resulta oportuno indicar os acordos internacionais que afectan o Parque Natural, deberían mencionarse todos e non só o Convenio Europeo sobre a Paisaxe (Florenza, 2000), obviando moitos outros con incidencia sobre o Parque Natural, como o Convenio de Diversidade Biolóxica (ONU, Rio de Janeiro, 1992) ou o Convenio relativo a Humidais de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas (Ramsar, 1971).
- A normativa europea, estatal e galega debería citarse de forma completa, incluíndo diario de publicación, número e data. Ademais, faltan normas que inciden directamente sobre os recursos naturais, obxectivos e finalidades do Parque Natural como por exemplo:
 - Directiva (UE) 2015/1127 da Comisión, do 10 de xullo de 2015, pola que se modifica o anexo II da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas (Texto pertinente a efectos do EEE). DOUE 184, 11/07/2015.
 - Directiva (UE) 2015/996 da Comisión do 19 de maio de 2015 pola que se establecen métodos comúns de avaliación do ruído en virtude da Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello. DOUE 168, 01/07/2015.
 - Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña) (Texto pertinente a efectos do EEE). DOUE 164, 25/06/2008.
 - Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, relativa á protección do medio ambiente mediante o Dereito penal (Texto pertinente a efectos do EEE) DOUE 328, 06/12/2008.
 - Directiva 2014/38/UE da Comisión, do 10 de marzo de 2014, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á contaminación acústica. DOUE 70, 11/03/2014.
 - Directiva 2014/80/UE da Comisión, do 20 de xuño de 2014, que modifica o anexo II da Directiva 2006/118/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración. DOUE 182, 21/07/2014.

- Ley 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Ley 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. BOE 129, 30/05/2013.
- Ley 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado. BOE 313, 27/12/2014.
- Ley 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. BOE 317, 30/12/2010.
- Deberíanse eliminar aquelas normativas que foron derogadas, en moitos casos substituídas por normas máis recentes. Por exemplo o Decreto 110/2004, do 27 de maio, polo que se regulan os humidais protexidos (DOG 108, 07/06/2004) (que ademais aparece cun título incorrecto no PRUX) foi modificado polo Decreto 132/2005, do 28 de abril (DOG 102, 30/05/2005), disposición que non se inclúe no apartado, e finalmente ambos foron derogados polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase ou Inventario de humidais de Galicia (DOG 122, 25/06/2008).
- É rechamante a inclusión da "Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria de Galicia" agás que se pretenda desecar e colonizar as áreas ocupadas polo humidal, ao tempo que non aparece citada a propia Lei de concentración parcelaria de Galicia.
- Debería eliminarse a normativa superflua aos obxectivos e fins do PRUX como o Decreto 124/2005, de 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e figura de espazo privado de interese natural.
- O tratamento do Catálogo Galego de Especies Ameazadas é incorrecto pois non se indican todas as normativas que o desenvolven, a pesar de que entre inclúe especies que están presentes dentro do ámbito territorial do Parque Natural.
- Sorprende a non inclusión do Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, que sen embargo aparece incluído na bibliografía.
- Resulta de todo punto improcedente a inclusión neste apartado, entre o "Planeamento vixente de carácter territorial", do "Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira (17/12/2002). - Ordenanzas municipais", un plan de urbanismo que NON foi adaptado á normativa vixente e que NUNCA se someteu ao procedemento de avaliación establecido pola normativa comunitaria (DC 92/43/CEE) e estatal (Ley 42/2007).

4.2. Medidas e normativa xeral

En termos xerais, o apartado é un mal "copia e pega" das existentes no Plan Director da Rede Natura 2000 e dun antigo borrador do PORN elaborado pola Universidade de Santiago para a ZEC e para o Parque Natural de Corrubedo, que foi distribuído na Xunta Consultiva, pero que non foi sometido a exposición pública. Ao respecto compre salientar que:

- No proceso de "copia e pega" cometéronse moitos erros, algúns dos cales resultan problemáticos ao asumir o PRUX medidas que non lle corresponden legalmente, ao ser específicas dun PORN ou como moito do Decreto de creación do Parque Natural.
- No PRUX modifícanse substancialmente algunhas normas tentando burdamente reducir a protección xurídica do Parque e dos seus compoñentes, vulnerando así abertamente a normativa europea (Directiva Hábitat, Directiva Aves), estatal (Ley 42/2007; RD 630/2013; RD 139/2011, etc.) e autonómica (Lei 9/2001; Decreto 139/1992; Decreto 148/1992; Decreto 37/2014; Decreto 127/2008, etc.) que inciden sobre o ámbito territorial do Parque Natural, e situando ao PRUX fóra da legalidade vixente.
- A totalidade do Parque Natural de Corrubedo foi incluído na Lista de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar e, polo tanto, de acordo coa Ley 42/2007 posúe o estatus xurídico de "Área protexida por instrumento internacional". En consecuencia, o PRUX está obrigado a adecuarse ao réxime de protección, ordenación e xestión previsto para esta figura no Convenio de Ramsar e nos acordos e normativa que o desenvolven. Sen embargo, as medidas expostas no PRUX

realízanse á marxe da condición de Humidal de Importancia Internacional, propondo mesmo medidas que resultan gravemente lesivas para o mesmo, incumprindo por tanto o artigo 50.3 da Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

- As incongruencias e disparidades de criterios entre a normativa do borrador do PRUX, coa contida no PORN do Plan Director da Rede Natura 2000, e no PORN do Parque Natural, supoñen un grave incumprimento do artigo 29.2 da Ley 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Situación que se ve agravada cando estas incongruencias e disparidades de criterios realízanse coa normativa e acordos internacionais que inciden sobre a figura de Humidal Protexido, así como coa normativa de protección da Biodiversidade e do Patrimonio Natural, derivada da lexislación europea (Directiva Hábitats, Directiva Aves), estatal e autonómica.

4.2.1. Directrices Xerais

As directrices xerais son xenéricas, copiadas doutros documentos. Non recollen as ameazas e debilidades do Parque Natural nin propoñen directrices específicas para mitígalas ou anulalas.

4.2.2. Normativa Xeral

A definición de actividades compatibles e incompatibles do PRUX vulnera abertamente as normativas europeas (Directiva Aves, Directiva Hábitat) e estatais (Ley 42/2007), así como os PORN que inciden sobre este territorio (PORN Parque Natural de Corrubedo, PORN - Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia), en canto ao que establece un estatus xurídico diferenciado entre as Zonas I e II, fronte á Zona III, propiciando nesta última zona todo tipo de actividades, incluso as potencialmente lesivas para o Parque Natural, á marxe dos criterios e procedementos que se establecen en ditas normativas e nos PORN.

Compre lembrar que as normas comunitarias (Directiva Aves, Directiva Hábitat) e estatais (Ley 42/2007) que regulan os espazos da Rede Natura 2000 non contemplan dentro destes o establecemento de réximes de protección diferenciados para os tipos de hábitats ou de especies de interese comunitario en relación á súa distribución xeográfica no espazo da Rede Natura 2000. Pola contra, as súas determinacións e especialmente a referida ao artigo 6 da DC 92/43/CEE deben ser aplicables á totalidade do espazo natural. Polo tanto, o PRUX entra en conflito coas devanditas normas, máis aínda cando ditos réximes diferenciados teñen como obxecto dar prevalencia ás determinacións emanadas dun PXOM non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (nen ás súas modificacións posteriores), que foi tramitado e aprobado á marxe do artigo 6 da DC/92/43/CEE e de calquera procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental.

No borrador do PRUX recoñécese abertamente que o réxime de actividades compatibles/incompatibles, así como o establecemento de actividades permitidas/autorizables/prohibidas se realiza "*en termos xerais*" (sic) de acordo co PORN do Parque Natural e do PORN do Plan Director da Rede Natura 2000, agás en relación coa Zona III, onde se deturpan as medidas de xestión para facilitar distintas actividades que o propio PRUX considera que poden ser susceptibles de provocar unha alteración no Parque. Estamos, pois, diante dunha vulneración das disposicións do PORN do Parque Natural e do PORN do Plan Director da Rede Natura 2000, adoptando criterios lesivos para o Parque Natural. **Un PRUX non é unha ferramenta para modificar un PORN e menos aínda para mutilar o grao de protección dun territorio ou autorizar actividades e usos que un PORN non permite. En consecuencia o borrador de PRUX é claramente ilegal, segundo a xurisprudencia de distintos Tribunais Superiores de Xustiza, ratificada polo Tribunal Supremo que en casos similares ordenou a anulación dos PRUX, así como polo Tribunal de Luxemburgo.**

Con menos de 1.000 ha, o de Corrubedo é o Parque Natural de menor extensión de Galicia e un dos máis pequenos da Unión Europea. A meirande parte da súa superficie son augas mariñas, sistemas dunares e humidais, rodeados dunha pequena franxa periférica como medios rurais que nos últimos anos foron obxecto dunha progresiva e irracional urbanización. Dada a escasa superficie, os elevados e fráxiles valores do Parque Natural, e existindo no Concello de Ribeira como no resto do Barbanza amplos terreos ocupados por formacións de especies exóticas, ou terreos de cultivos abandonados, non existe ningunha xustificación obxectiva para situar calquera actividade lesiva para o medio ambiente dentro do ámbito territorial do

Parque Natural. Todas as actividades "lesivas" deberían ser consideradas no PRUX como "incompatibles" ou "prohibidas" ou, cando menos, sometelas a un proceso de Avaliación de Impacto Ambiental que, de acordo cos criterios legais, dificilmente sería positiva.

O PRUX pretende asumir como propia a clasificación como "Solo urbano" de áreas ocupadas por ecosistemas dunares (Hábitat prioritario Duna Gris), con presenza de especies protexidas, e contempla unhas áreas de ampliación excesivamente extensas para os núcleos tradicionais a costa da superficie ocupada por hábitats naturais e seminaturais, o cal conlevaría a completa destrución do Parque Natural. Conscientes da aberración ambiental do PXOM de Ribeira, distintas ONG e os seus representantes na Xunta Consultiva do Parque Natural denunciaron en numerosas ocasións diante da Xunta de Galicia os intentos de urbanizar o Parque Natural, logrando reducir a presión urbanística sobre o mesmo grazas ao Plan de Ordenación do Litoral e ao Plan Director da Rede Natura 2000. Agora o PRUX pretende favorecer de novo a urbanización dun espazo onde non se debería permitir a construción de ningunha nova vivenda, consumando unha involución en materia urbanística que sería ilegal, mesmo constitutiva dun "delito ambiental" con responsabilidades penais, pois:

- O artigo 19.2 da Ley 42/2007 establece que os "Plans de ordenación urbanística" deberán adaptarse aos "Plans de Ordenación de Recursos Naturais", é dicir o PORN do Parque Natural e ao PORN do Plan Director da Rede Natura 2000.
- O réxime de autorización para os proxectos urbanísticos (viviendas, viarios, etc) incumpre abertamente o artigo 6 da DC 92/43/CEE e o artigo 46.4 da Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, dado que o PXOM de Ribeira nunca se someteu a unha axeitada avaliación das súas repercusións no espazo incluído na Rede Natura 2000 (ZEPA e ZEC).

Esta "anomalía" do PRUX do PN de Corrubendo é tanto máis evidente canto que as pretensións alegais/ilegais que contempla non teñen parangón non só en ningún PRUX aprobado no territorio español, senón tampouco nos outros tres PRUX que a Xunta de Galicia someteu ao trámite de participación pública neste mesmo ano: os do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, do Parque Natural da Serra de Enciña da Lastra, e o do Parque Natural de O Invernadoiro.

4.3. Medidas e normativa por compoñentes e actividades

4.3.1. Atmósfera

O apartado debería reformularse completamente pois:

- O PRUX non resolve os problemas ambientais vinculados á planta de triturado de pedra e elaboración de formigón situada dentro deste, e da canteira a ceo aberto que se atopa na súa periferia.
- O PRUX elude a prohibición do uso de megafonía contemplada en normativas de rango superior (Decretos de creación do Parque Natural, do PORN do Parque Natural e do Plan Director da Rede Natura 2000), que se vulneraron recentemente pola propia administración ao permitir un acto con megafonía no interior do Parque Natural no que participou o Presidente da Xunta de Galicia. Debería fixarse adecuadamente o limiar entre o nivel de ruído permitido e non permitido no parque para distintas actividades, acorde coa normativa vixente.
- As regulacións expostas relativas ao uso público e das afeccións que este poidan causar son meramente teóricas, ao non incluír no borrador do PRUX un estudo da capacidade de carga.
- A normativa contemplada no PRUX non asegura a conservación dos compoñentes e factores do sistema atmosférico no ámbito do Parque Natural.

4.3.2. Xea

Este apartado debería redactarse de novo pois:

- Non se contempla ningunha medida efectiva para controlar, mitigar ou restaurar as áreas afectadas pola planta de beneficio (triturado e elaboración de formigón) sita no interior do Parque Natural e asociada a unha canteira a ceo aberto adxacente ao mesmo.
- Coa normativa contemplada no PRUX non se asegura a conservación da xeodiversidade no ámbito

do Parque Natural.

- A directriz “Velarase por manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos, das que depende en boa medida a súa vexetación, e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas” ignora totalmente as características biolóxicas dos solos - imprescindibles para manter o funcionamento natural e a calidade dos solos - e tamén o feito de que os solos acubillan a meirande parte da biodiversidade nos ecosistemas terrestres. Ao respecto, recoméndase aos responsables da elaboración e aprobación do PRUX a lectura da magnífica publicación da UE “Global soil biodiversity atlas” (Orgiazzi et al., 2016), con PDF de acceso libre en internet.
- A prohibición da “acumulación, depósito ou almacenamento de residuos radioactivos, tóxicos, perigosos ou calquera outro tipo de substancias altamente contaminantes” non debera contemplar excepcións, polo que se debera suprimir a coletíña “*fóra das áreas que poidan ser autorizadas para ese efecto*”.

4.3.3. Augas continentais

Este apartado debería redactarse de novo, eliminando a coletíña “*sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural*” nas prohibicións de:

- “*alteración dos cursos, leitos e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas*”.
- “*desecamento ou sangrado de charcas e lagoas, ou calquera outro tipo de zona húmida continental*”.
- “*vertido de entullos ou calquera outro material nos pozos tradicionais, así como o seu recheo*”.

4.3.4. Augas e recursos mariños

Este apartado debería redactarse de novo pois o tratamento do medio acuático é moi deficiente:

- Non se ten en conta para nada o medio mariño nin o aproveitamento dos seus recursos (artes usados, cotas, vedas, etc). Óbvianse os problemas de contaminación das augas sub-superficiais causadas polas fosas sépticas e o mal funcionamento da depuración municipal.
- Non se plantexan medidas para protexer e mellorar o estado ecolóxico da área de captación preferente do humidal, tanto dentro do Parque Natural, como no exterior de este.
- A normativa contemplada no PRUX non asegura a conservación das augas e recursos mariños no ámbito do Parque Natural.

4.3.5. Paisaxe

Este apartado debería redactarse de novo pois:

- A redacción peca dun exceso de tolerancia con determinadas actuacións ou actividades que ao longo dos últimos 25 anos teñen sido altamente lesivas tanto para a integridade do Parque Natural, como para o estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade.
- Sorprende que nunha norma legal nun estado de dereito se considere necesario explicitar que “*polo tanto, non se permitirán, en caso ningún, actividades que non estean autorizadas debidamente*”.
- Unha norma redactada en base a termos febles e ambiguos como “*procurarase evitar*”, en lugar de expresións máis claras como “*consideraranse prohibidos*”, en ningún caso poderán garantir o cumprimento dos obxectivos de conservación do Parque Natural e do resto das figuras que inciden sobre este mesmo espazo. No mesmo censo, no punto relativo aos argazos depositados nas praias de area e coídos a expresión “*debería regularse*” habería que substituíla para ler “*se prohibe o aproveitamento ou a súa retirada como parte dos labores de limpeza de moitas praias*”.
- A normativa contemplada no PRUX non asegura a conservación da paisaxe e dos elementos materiais e inmateriais que o conforman no ámbito do Parque Natural.

4.3.6. Hábitats

O apartado redáctase contravindo abertamente a normativa que regula a protección dos hábitats na Unión Europea (DC 92/43/CEE), o Estado Español (Ley 42/2007), e en Galicia (PORN - Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia) e resulta ilegal pois:

- Os autores establecen criterios á marxe da normativa vixente, orientando a xestión dos hábitats na

busca da súa "Calidade", concepto que entra en total conflito co de "estado de conservación" exposto no artigo 1 da DC 92/43/CEE, e desenvolto nesta norma, así como na lexislación estatal.

- A planificación, conservación, xestión e autorización de actividades lesivas sobre os hábitats, incluíndo aqueles designados legalmente como hábitats de interese comunitario e hábitats de interese comunitario prioritarios, faise á marxe dos procedementos e obrigacións emanadas do artigo 6 da DC 92/43/CEE e da Ley 42/2007 que deben ser aplicadas para a totalidade do Parque Natural (ZEC-ZEPA), e que non poden ser reducidas, desvirtuadas ou suprimidas en determinadas partes do espazo ou en determinadas unidades de zonificación, como se pretende no PRUX.
- As medidas de conservación dos hábitats de interese comunitario deben efectuarse en base a uns criterios científico-técnicos establecidos pola Unión Europea e o Estado Español que non se tiveron en conta na redacción deste apartado, creando un modelo arbitrario que nada ten que ver coa xestión que se debe realizar nun espazo da Rede Natura 2000.
- A formulación do PRUX para a xestión dos hábitats no Parque Natural leva a considerar dentro do mesmo 6 áreas que se designan áreas prioritarias para a conservación de hábitats, que se expoñen independentemente das propias unidades de zonificación nun proceso anómalo e ilegal. A delimitación das ditas áreas prioritarias tamén resulta anómala e contraria á distribución destes tipos de hábitats no Parque Natural, excluindo a súa presenza en determinadas áreas co único obxectivo de favorecer o desenvolvemento de actuacións, plans, ou proxectos que resultan lesivas para o estado de conservación destes hábitats. A maiores, como xa se indicou no caso das unidades de zonificación, a proposta supón unha grave modificación do status de conservación dos hábitats en aberto incumprimento da DC 92/43/CEE, a Ley 42/2007 e o propio PORN - Plan Director da Rede Natura 2000, a través ademais dun PRUX que non ten capacidade legal para levar a cabo dita reforma.
- Entre as medidas propostas no borrador do PRUX inclúense algunhas totalmente lesivas, como é o caso da recuperación ou reactivación dos sangrados nas súas distintas modalidades, incluíndo as designadas como "corcovas" que resultan contrarias aos obxectivos de conservación dos hábitats característicos dos tipos de humidais contemplados no Convenio de Ramsar. Estas actuacións deberían ser directamente prohibidas de forma total en aplicación das propias normas que inciden sobre estes humidais, e non derivadas a un proceso de Avaliación de Impacto Ambiental pois nunha resolución obxectiva do mesmo nunca podería ser considerado como positivo. Nun PRUX resulta inaceptable tanto este deixamento funcións e incapacidade para protexer e conservar os compoñentes máis singulares do Parque Natural, comoque se consideren "prácticas tradicionais" as drenaxes feitas para alterar ou destruír un humidal agás que se engada o termo "insustentables", é dicir "prácticas tradicionais insustentables".
- Ao igual que se comentou para o caso das vivendas, a pretensión de que "Os proxectos que inclúan a construción de viais, sendas ou outros elementos de carácter construtivo que afecten ao estado de conservación dos hábitats do anexo I, ou a hábitats críticos para o mantemento de especies de interese para a conservación serán sometidos a avaliación de impacto ambiental, agás aqueles viais proxectados no PXOM e nas súas modificacións" constitúe un fraude de lei e, en consecuencia, este parágrafo debe considerarse como ilegal ao ser contrario ás determinacións da DC 92/43/CEE, a Ley 42/2007 e o Plan Director da Rede Natura 2000.
- A redacción actual prohibiría o depósito e vertedura no Parque mesmo de auga potable. Corrixir para ler "calquera substancia química CONTAMINANTE".

4.3.7. Flora e fauna silvestre

Este apartado debería redactarse de novo, contando coa participación de especialistas nos respectivos grupos taxonómicos, pois:

- O borrador do PRUX parte dun concepto erróneo derivado de asumir que as "especies de interese para a conservación", e en concreto as especies designadas pola normativa estatal ou autonómica como vulnerables ou en perigo de extinción, poidan ser obxecto dun uso ou aproveitamento. Esta mesma

situación ocorre coas especies protexidas, dependendo do tipo de Anexo, que figuran na Directiva Aves e na Directiva Hábitats.

- As normas de xestión dos taxons incluídos no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas están establecidos na Ley 42/2007, que ademais expón que estas se poidan desenvolver a través dos correspondentes Plans de Conservación de especies. A normativa estatal considera que os instrumentos de xestión dun espazo natural (PORN, PRUX) poderán establecer normas adicionais sobre estas especies cando vivan exclusivamente ou en alta proporción no devandito espazo natural (situación que non se da no caso do Parque Natural de Corrubeo), norma que de calquera xeito terá que adaptar aos contidos dun Plan de Conservación.
- Os obxectivos establecidos para o control das especies exóticas invasoras non son nin axeitados, nin xustificables. A valoración porcentual exposta carece de fundamento científico-técnico.
- Non son conformes á lei as medias expostas para os carrizais ao formar parte estas comunidades no Parque Natural dun hábitat prioritario e por tanto a súa alteración ou xestión debe realizarse acorde cos criterios establecidos na normativa (DC 92/43/CEE, Ley 42/2007) e no PORN - Plan Director da Rede Natura 2000.
- Consideracións comúns aos distintos grupos taxonómicos:
 - As directrices e propostas específicas non reducen as afeccións que sofren as distintas especies protexidas, nin tampouco promoven unha mellora do seu estado de conservación.
 - As directrices establecidas redáctanse á marxe do coñecemento científico, propoñendo medidas sen valorar os seus probables efectos negativos sobre outros compoñentes da biodiversidade do Parque Natural.
- Flora. Chama a atención que se inclúa a necesidade de levar a cabo un *“Estudo de localización e avaliación da categoría taxonómica e grao de ameaza das poboacións do Parque atribuídas a Triglochin palustris”* cando se trata dunha especie non protexida, común no Parque Natural e noutros territorios do litoral Atlántico Ibérico, mentres se obvian estas mesmas medidas para outros taxóns ameazados.
- Invertebrados. Sería oportuno reformular o punto *“Control do uso de biocidas e do trampeo indiscriminado ou pouco específico para ou control de pragas ou especies exóticas”* pois a súa redacción é confusa e entra en conflito coa normativa vixente. Salvo que se queira expor como unha prohibición.
- Vertebrados. O tratamento da poboación de porco bravo no Parque Natural realízase de forma inadecuada:
 - Non se mostran datos da súa poboación e demografía, dentro e fóra do Parque.
 - Non hai unha análise dos seus depredadores, hábitats preferentes, resultado do control cinxético fóra do Parque Natural, danos causados dentro e fóra do Parque, etc.
 - Óbvianse os resultados do control que durante varios anos foi realizado no propio Parque Natural, mediante técnicas disuasorias, e que foron presentados en distintas reunións da Xunta Consultiva.
 - Con esta falta total de información preténdese santificar a actual xestión que se realiza das poboacións de proco bravo, sen tampouco achegar datos sobre o número de animais capturados, os métodos empregados para o seu sacrificio, o destino dos individuos sacrificados, a situación da poboación, custos derivadas de cada medida, etc.
 - A xestión debería adecuarse aos obxectivos e á normativa actual do Parque Natural e debería levarse a cabo a través dun Plan, elaborado de forma participativa, avaliado por persoal cualificado e independente da administración e sometido a exposición pública.
- Fungos. Sorprende que se fixen xa de antemán a duración do estudo, cando no resto dos casos non se indica. Ao redactor do PRUX só faltoulle poñer o orzamento e a entidade adxudicataria do mesmo. Este tipo de formulacións non resultan aceptables nun documento oficial.
- Medio Mariño. Sorprendentemente exclúese calquera referencia ao mesmo nos apartados de hábitats, especies de flora e fauna protexida.

○ Normativa xeral:

- 4. Resulta inicialmente confusa a lectura das prohibicións e das súas excepcións ao estar dentro dunha mesma lista neste punto. Compre separar a un listado distinto as prohibicións e delas eliminar a de "*Para permitir, en condicións estritamente controladas e mediante métodos selectivos, a captura, retención ou calquera outra explotación prudente de determinadas especies en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garantir a súa conservación, así como o cumprimento da lexislación vixente*".
- 5. Modificar para ler "*Prohíbese a introdución de especies, subespecies ou razas xeográficas alóctonas de carácter invasor*" suprimindo totalmente o resto do punto "*que poidan ser susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética, afectar de forma apreciable ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou causar desequilibrios sobre os ecosistemas do Parque, sen contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural ou cando esta se realice fóra dos lugares e das condicións establecidas para a súa explotación*".
- 6. Modificar para ler "*Non poderá autorizarse a liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente*" suprimindo totalmente o resto do punto "*baixo condicións que poidan alterar a pureza e diversidade xenética das poboacións naturais das especies autóctonas ou poñer en risco calquera outro valor natural do Parque. En todo caso, establecerase un control específico para os organismos transxénicos*".
- 7. Modificar para ler "*O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá establecer medidas específicas para que o emprego de biocidas, ~~así como de residuos urbanos, industriais, emendas ou calquera substancia química~~ CONTAMINANTE, se realice no Parque*".
- Bótase en falla a inclusión dunha mención específica relativa á prevención e corrección da contaminación lumínica.

4.3.8. Componentes culturais

Este apartado debe ser redactado de forma completa. Resulta moi deficiente tanto na caracterización dos componentes culturais materiais e inmateriais do Parque Natural, como nos aspectos referidos ás súas directrices e á normativa.

4.3.9. Usos agropecuarios

No PRUX emprégase a IUCN para expor un modelo de análise de ameazas que nada ten que ver co legalmente establecido nos espazos da Rede Natura ou dos Humidais Ramsar, pero con todo non emprega á IUCN para establecer a definición e obxectivos dun Parque. De facelo chegaría á conclusión que un Parque Natural non é un espazo destinado a promover as actividades do sector primario, e menos aínda a costa dos componentes da biodiversidade. Exactamente o mesmo que establecen a Ley 42/2007 e a Lei 9/2001 en relación á definición e obxectivos dos Parques, diferindo por tanto estes doutras figuras de áreas protexidas onde pode primar o aproveitamento dos recursos.

O PRUX debería partir dunha mínima caracterización das explotacións agrícolas e gandeiras presentes no Parque Natura, (número, tamaño, carga gandeira, etc), dos efectos que estas provocan sobre a conservación dos valores naturais do propio parque (xurros, biocidas, etc) e a partir de alí expor as medidas oportunas para minimizar os seus efectos sobre os componentes da biodiversidade e xeodiversidade. Tamén sería oportuno avaliar a previsión e viabilidade a curto ou longo prazo destas explotacións.

Con esta falta de rigor plantéxase "*Fomentarse o mantemento da agricultura tradicional*" sen aclarar o concepto e características da mesma. O PRUX deberea deixar claro, por exemplo, que o cultivo de millo que fomenta a proliferación de especies exóticas invasoras como *Oxalis pes-caprae*, non pode ser unha actividade para fomentar ou mesmo a manter. E o mesmo ocorre coa transformación dos antigos prados de sega en pasteiros de *Lolium* e *Dactylum*.

O PRUX expón ademais: "*Velarase e promoverase a aplicación de códigos de boas prácticas, así como os criterios establecidos de ecocondicionalidade*". En primeiro lugar o Código de Boas Prácticas agrícolas é un documento obsoleto, realizado para o conxunto de Galicia e cuxa aplicación non pode considerarse como positiva nun Parque Natural sen unha correcta avaliación dos seus contidos, que na maior parte deberían ser reformulados ou transformados. Chama tamén a atención que utilice o termo "ecocondicionalidade", un

concepto acuñado co Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello e o Regulamento (CE) nº 796/2004 da Comisión Europea, que estivo vixente ata o 2006, data que foi substituído por outros criterios agro-ambientais. Unha vez máis o “copia e pega” xogou unha mala pasada aos redactores, que pegaron textos antigos que carecen de sentido na actualidade.

Nunha normativa dun parque natural son inaceptables expresións como “*procurarase respectar*” ou “*velarase por*”. Unha actividade ten que incluírse claramente na categoría de prohibida, ou permitida, ou sometida a autorización pois en caso contrario acaba orixinando un proceso arbitrario que na maior parte dos casos se resolve en contra dos obxectivos de conservación do Parque Natural e, polo tanto, contrarios á lei.

Entre as prohibicións compre modificar a relativa ás “Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor” suprimindo totalmente o resto do punto: “*que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Non se aprobará ningunha introdución que poida afectar negativamente ao estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e ás especies de interese para a conservación*”.

4.3.10. Usos forestais

As mesmas deficiencias expostas nos usos agrarios maniféstanse nos usos forestais. É necesario achegar datos concretos sobre a superficie forestal, cunha correcta caracterización das masas acorde coa tipoloxía de hábitats da Unión Europea, discernindo a superficie e medios de hábitats forestais incluídos en terreos de titularidade pública, nos montes veciñais, e en propiedades privadas.

Dado que as comunidades de montes do Parque Natural recibiron nos últimos 25 anos unhas importantes subvencións deberían avaliarse estas, indicando a cuantía, proxectos, situación das actuacións, así como avaliando calquera aspecto que incida sobre a xestión destes montes comunais. E o mesmo deberíase facer sobre as propiedades privadas.

Entre as propostas do PRUX debe quedar claro que as formacións de piñeirais (*Pinus pinaster*) do Parque Natural teñen unha orixe artificial e foron plantadas polo Patrimonio Forestal Español durante o franquismo, para posteriormente incluírse plantacións doutras especies exóticas como *Pinus radiata*, *Eucalyptus* e *Acacia*. A superficie forestada con outras especies supuxo unha importante deterioración dos ecosistemas dunares e dos humidais.

O PRUX debería contemplar a prohibición estrita e sen excepcións de novas explotacións forestais de *Pinus*, *Eucalyptus*, *Acacia* e as introducións de calquera outra especie exótica así como priorizar entre as súas accións a eliminación das superficies ocupadas por estas formacións exóticas e a recuperación dos ecosistemas naturais.

Chama a atención a ausencia neste apartado de calquera mención aos distintos incendios que afectaron ao Parque Natural dende a súa declaración e que se propagaron grazas á existencia de superficies de piñeirais e eucaliptais, e pola falta de medios técnicos para atallalos. Tampouco se avalían as desastrosas medidas de xestión levadas a cabo tras o último incendio forestal, que provocou unha rápida e virulenta extensión das especies exóticas invasoras sobre os terreos queimados que deberían ser restaurados.

4.3.11. Urbanismo e ordenación territorial

Esta é, sen dúbida, A PARTE MÁIS INACEPTABLE do borrador do PRUX pola PRETENSIÓN ILEGAL de SUBORDINALO ás directrices emanadas do PXOM de Ribeira, que NON está adaptado á normativa urbanística galega, NIN foi avaliado de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e da Ley 42/2007.

O único obxectivo dos apartados relacionados co urbanismo e a ordenación do territorio é o de tratar, unha e outra vez, de desvirtuar, mutilar e minimizar os obxectivos de conservación do Parque Natural, promovendo actuacións que de forma separada ou conxunta afectarían moi negativamente á integridade ecolóxica do espazo e ao estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade (hábitats de interese comunitario, especies protexidas de flora e fauna), e a xeodiversidade, para favorecer aos intereses particulares duns poucos en contra da lexislación vixente e do beneficio ambiental que redunda na

colectividade galega.

4.3.12. Infraestruturas e obras

Este apartado debería redactarse novamente de forma completa pois é un simple curta e pega da normativa do Plan Director da Rede Natura 2000. Debería adaptarse ás características do Parque Natural no que, pola súa escasa superficie, non ten sentido plantexar novas infraestruturas, e coas existentes deberíase garantir o máximo cumprimento das normativa vixente (por ex. as medidas contra a colisión de aves e as medidas disuasorias que deberían ser obrigadas en todas as liñas do Parque).

No punto da normativa xeral relativa á *“xestión das medianas e áreas de servidume das infraestruturas lineais que discorren polo Parque, estableceranse medidas de control coa fin de evitar o establecemento ou expansión de especies invasoras”* debería eliminarse a parte final *“que poidan afectar ao estado de conservación dos hábitats ou dos núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación existentes no Parque”*.

4.3.13. Uso público

Este apartado debería volver a redactarse íntegramente pois, malia que a regulación do uso público é un dos puntos básicos dun PRUX dun Parque Natural, no borrador sometido a participación pública soamente se lle outorgan un par de páxinas das 168 do documento, feito que xa pon en evidencia o moi deficiente tratamento deste importante cuestión:

- Non hai unha mínima análise dos visitantes, dos efectos que estes provocan sobre o medio ambiente e da dinámica rexistrada nos últimos anos.
- Non se inclúe unha análise da capacidade de carga, información básica para deseñar calquera plan ou medida de xestión.
- Non se resolven ningunha das graves deficiencias que afectan a este Parque Natural, como a necesidade de eliminar os aparcadoiros do ecosistema dunar, corrixir os itinerarios entre o Vilar e Vixán impedindo que se realicen sobre o ecosistema dunar como na actualidade e mellorar e incrementar a vixilancia sobre a Duna Móbil, impedindo e denunciando calquera tipo de agresión.
- Despois de recoñecer acertadamente que *“Tendo en conta a limitada superficie do Parque, e por tanto a súa limitada capacidade de asumir impactos e actividades non tradicionais, as probas e competicións deportivas considéranse, con carácter xeral, incompatibles cos obxectivos do Parque”*, acábase abrindo a porta a autorizacións excepcionais para carreiras pedestres que, como calquera outro tipo de actividade deportiva deberían estar estritamente prohibidas.
- A norma xeral que establece que *“Os locais de hostalaría situados no Parque deberán cumprir estritamente a normativa do Parque no relativo ao mantemento da tranquilidade, e quietude en toda a súa superficie”* debería ampliarse para contemplar tamén o control e mitigación da contaminación lumínica.

Cadro resume de Usos autorizables

- Modificar o punto 9 par ler *“Con carácter xeral, o emprego de biocidas e outras substancias químicas CONTAMINANTES”* (coa redacción actual prohibiríase mesmo a auga de rega).
- Suprimir o punto *“13.1. Os cambios de usos que supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación (diminución da superficie, modificación da estrutura, cambios nas funcións ecolóxicas) dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos hábitats das especies de interese para a conservación, sen prexuízo da autorización do órgano competente en Patrimonio Natural”*.
- Suprimir o punto *“16. Excepcionalmente, probas deportivas.”*

Cadro resume de Usos prohibidos

- No punto 3 conservar *“A acumulación, depósito ou almacenamento de residuos radioactivos, tóxicos, perigosos ou calquera outro tipo de substancias altamente contaminantes”* e suprimir o resto: *“fóra das áreas que poidan ser autorizadas para ese efecto”*.
- No punto 4 conservar *“A realización de calquera tipo de vertedura, así como a utilización de calquera tipo de substancia química que poida afectar significativamente á calidade das augas nacentes ou circulantes ou ao ciclo hidrolóxico do Parque”* e suprimir o resto: *“cando se realicen fóra dos lugares habilitados a tal efecto ou sexan”*

contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou no presente plan”.

- No punto 5 conservar “A alteración dos cursos, leitos e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas” e suprimir o resto: “sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural”.
- No punto 6 conservar “O desecamento ou sangrado de charcas e lagoas, ou calquera outro tipo de zona húmida continental” e suprimir o resto: “sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural”.
- No punto 8 conservar “O vertido de entullos ou calquera outro material nos pozos tradicionais, así como o seu recheo” e suprimir o resto: “sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural”.
- No punto 10 conservar “A realización de calquera tipo de vertedura, así como a utilización de calquera tipo de substancia química que poida afectar significativamente á calidade das augas mariñas do Parque” e suprimir o resto: “cando se realicen fóra dos lugares habilitados para tal efecto ou sexan contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou no presente plan”.
- Modificar o punto 14 para ler “O depósito ou vertedura de residuos urbanos, industriais ou calquera substancia química **CONTAMINANTE** no territorio do Parque”.
- No punto 18 conservar “A introdución de especies, subespecies ou razas xeográficas alóctonas” e suprimir “de carácter invasor”.
- No punto 19 conservar “A liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente” e suprimir o resto: “baixo condicións que poidan alterar a pureza e diversidade xenética das poboacións naturais das especies autóctonas ou poñer en risco calquera outro valor natural do Parque”.
- Modificar o punto 22 para ler “O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como seu o emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas **OU FORESTAIS**”.
- No punto 25 conservar “A plantación de especies forestais alóctonas” e suprimir o resto: “que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación”, co cal serían xa innecesarios os puntos:
 - 26. “A plantación das especies dos xéneros *Eucalyptus* e *Acacia*”.
 - 30. “A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas non contempladas como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes”.
 - 31. “A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas sobre hábitats de interese comunitario”.

4.3.14. Actividades científicas e de monitoraxe

O desenvolvemento deste apartado (obrigatorio nun PRUX) o mesmo queda nunha mera transcripción do contido no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia relativo ao control das actividades científicas e de vixilancia. Non se inclúen medidas para fomentar, coordinar e desenvolver actividades de investigación e vixilancia no Parque Natural, orientando estas medidas aos obxectivos e criterios expostos tanto nas normativas e os correspondentes instrumentos de planificación, como nas que se establecen nas redes de científicas e de vixilancia de especies e de ecosistemas. Este apartado debería ser reformulado completamente.

4.4. Normativa zonal

A normativa zonal está viciada de orixe e fóra da lei polo que debería ser íntegramente corrixida para adaptala á lexislación vixente:

- O PRUX altera de forma significativa a zonificación establecida no propio PORN do espazo e no PORN - Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, nun incumprimento flagrante das obrigas de conservación do Espazo Natural, das figuras que de protección que converxen nel (Humidal Protexido, Humidal de Importancia Internacional, ZEPA, ZEC, ZEPVN), e dos compoñentes da biodiversidade e Xeodiversidade.
- Neste apartado queda de novo en evidencia a pretensión ilegal de subordinar o PRUX a un PXOM:



- Susceptible de xerar afeccións lesivas sobre o Parque Natural como os propios redactores do PRUX recoñecen.
- Non adaptado á normativa urbanística da Xunta de Galicia, que nunca foi sometido a avaliación ambiental acorde coa obriga e os criterios establecidos no artigo 6 da DC 92/43/CEE e na Ley 42/2007.

5. Plan de Xestión de Emerxencias

- Como no resto do PRUX, descoñécese a identidade dos redactores do Plan de Xestión de Emerxencias e, en consecuencia, non se pode comprobar se están ou non capacitados para redactar este plan que incide sobre distintas actividades e fenómenos adversos.
- A inclusión do Plan de Xestión de Emerxencias dentro do PRUX réstalle capacidade de adaptación pois a súa actualización/modificación queda vencellada á modificación do PRUX. Como se fai na maioría dos PRUX aprobados no territorio español, sería moi recomendable que neste apartado se contemplasen tan só os aspectos básicos do Plan de Xestión de Emerxencias, marcando os procesos ademais de redacción, aprobación e modificación, así como a(s) autoridade(s) responsable(s).

6. Programa de actuacións a desenvolver

A mala diagnose e a pésima normativa, fan pouco crible e irrelevante este apartado. Unha vez modificadas a diagnose e as medidas de xestión sería pertinente redactar un novo programa de actuacións.

7. Cronograma e programa económico-financeiro

A proposta resulta inadecuada en canto se basea nun Programa de Actuación viciado, derivada dunha mala diagnose e dunhas pésimas medidas de xestión. O Programa económico-financeiro debería ser en consecuencia reformado a partir da corrección dos apartados anteriormente citados.

En calquera caso, e dado que no borrador do PRUX se prevé a realización de actuacións lesivas aos obxectivos do Parque Natural, ou aos compoñentes da xeodiversidade e biodiversidade, o Plan Económico - Financeiro debería incluír unha partida alzada para "expropiación" daqueles terreos ou dereitos que poidan resultar estratéxicos para garantir o mantemento da integridade do espazo e o estado de conservación favorables dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade, acorde co ordenamento xurídico vixente.

8. Sistema de seguimento e avaliación

Ao igual que os apartados anteriores, o sistema de seguimento e avaliación está viciado ao derivar dunha información inadecuada e deberíase de redactar de novo unha vez se corrigan os apartados anteriores.

O sistema de seguimento e avaliación de calquera modo debería ser coherente e complementario ao xa establecido nas distintas figuras de áreas protexidas coincidentes no Parque Natural: Humidal Ramsar, Espazo da Rede Natura, así como nas estratexias e plans establecidas polo Estado e a propia Xunta de Galicia para o seguimento e avaliación de distintos compoñentes.

Despois de 25 anos de funcionamento, o Parque Natural de Corrubedo non aparece integrado en ningunha rede de seguimento ambiental de ámbito internacional. Esta deficiencia debería ser corrixiada e para iso resulta necesario que o Parque Natural se dote dun comité científico que avalie periodicamente os resultados do seguimento ambiental, como funcionan en moitos Parques Naturais da Unión Europea, e como tamén se dotaron algúns espazos naturais de Galicia, como as Reservas da Biosfera.

9. Organización administrativa

No borrador do PRUX séguese aludindo á figura e competencias do Director do Parque Natural (apartado 4.2.2.4), acorde co artigo 41.2 da Lei 9/2001. Pero na realidade esta figura foi suprimida *de facto* e substituída

por un Xefe de Servizo de Parques Naturais que de acordo co Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG 221, 19/11/2015), asume a "*dirección e xestión executiva ordinaria dos Parques Naturais*", incluíndo o "*seguimento das actuacións das xuntas consultivas dos devanditos espazos protexidos*" e tamén da "Reserva Nacional de Caza de Ancares", unha figura residual do franquismo que nada ten que ver cun espazo natural e menos aínda cun "Parque Natural".

Despois de tres anos do novo modelo de xestión aplicado aos Parques Naturais de Galicia a valoración non pode ser máis negativa. Os Parques Naturais perderon os seus caracteres identitarios, transformándose en meros Parques Turísticos ou Parques Urbanos, nos que se tolera calquera tipo de actividade, mesmo aquelas que están expresamente prohibidas na normativa. No caso do Parque Natural de Corrubedo evidénciase unha falta de medidas de control e vixilancia nas áreas máis sensibles do espazo protexido os días de maior afluencia de visitantes, o que leva a que de forma reiterada se incumpra a normativa que prohibe o acceso á Duna Móbil, provocando a alteración deste singular hábitat de interese comunitario. A falta de control de uso público móstrase igualmente no tránsito de persoas sobre os cordóns dunares, o aparcadoiro de vehículos fóra das áreas establecidas, etc.

A Xunta de Galicia debería adoptar o antes posible un modelo de xestión máis eficiente, creando equipos profesionais e cualificados en cada un dos Parques Naturais, no que participen distintos profesionais (biólogos, ambientalistas, xeólogos, enxeñeiros de montes, xeógrafos, etc), recuperando a figura de Director de Parque Natural, e que desenvolvan a súa actividade ordinaria exclusivamente en cada Parque Natural.

O seguimento dos ecosistemas e dos seus compoñentes debe realizarse a través dun comité científico, independente da administración autonómica, formado por investigadores e representantes de ONG ambientais. De non ser así os informes de seguimento nunca serán cribles.

10. Vixencia e revisión do plan

Non se indica unha data concreta, polo que cabería entender que sería a máxima legal.

11. Bibliografía

Ao longo do documento é doado detectar plaxios doutros traballos e autores sen incluír a correspondente referencia bibliográfica. Ademais, as poucas referencias bibliográficas incluídas no texto non coinciden coas listadas no apartado de bibliografía, facendo necesaria a revisión íntegra deste apartado.

Anexo Cartográfico

Os planos represéntanse a unha escala moi reducida e a súa calidade cartográfica moi deficiente, polo que todo o apartado gráfico debería mellorarse substancialmente.

CONCLUSIÓNS

O borrador de PRUX sometido ao trámite de exposición pública:

- Supón unha flagrante e continua vulneración da normativa da Unión Europea (Directiva Aves, Directiva Hábitat), da normativa española (Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) e da normativa galega (Lei 9/2001 de Conservación da Natureza), asumindo criterios e contemplando directrices contrarias aos obxectivos e obrigacións dun Parque Natural e das outras figuras de áreas protexidas que coinciden en leste mesmo territorio.
- Pretende un evidente e reiterado incumprimento do artigo 6 da DC 92/43/CEE, o artigo 46 da Ley 42/2007 e a lexislación europea e estatal de Avaliación de Impacto Ambiental.
- De xeito legal e políticamente inaceptable, pretende subordinar o PRUX ás directrices dun PXOM non adaptado á normativa urbanística da Xunta de Galicia, que nunca foi sometido á avaliación ambiental



esixida polo artigo 6 da DC 92/43/CEE, máis aínda cando as previsións deste plan resultan lesivas para a integridade do Parque Natural, como recollen os propios redactores do PRUX, e son ademais susceptibles de provocar un grave e permanente deterioración sobre o estado de conservación dos hábitats e das especies de interese para a conservación (especies de interese comunitario, especies protexidas e catalogada). Unha malévola estratexia coa que se pretende desvirtuar as medidas de protección e conservación contidas nos Decretos de declaración do Parque Natural (Decreto de 139/1992) e de aprobación do seu PORN (Decreto 148/1992) e do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014), vulnerándose abertamente o artigo 29.2 da Ley 42/2007.

- Contempla determinacións contrarias ás obrigas de conservar un humidal de importancia Internacional do Convenio de Ramsar, incumprindo de novo a Ley 42/2007, así como as medidas de protección que para os Humidais Protexidos establece a Xunta de Galicia no Decreto 127/2008.
- Inclúe disposicións contrarias ou contraditorias coas establecidas nos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais que inciden neste espazo (PORN Parque Natural, PORN - Plan Director da Rede Natura 2000), especialmente no relativo á zonificación, e ás directrices referidas aos temas de urbanismo, ordenación territorial, infraestruturas e obras.
- Pretende rebaixar o grao de protección do Parque Natural e dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade con respecto ao establecido nos PORN. Esta pretensión é ilegal pois un PRUX non ten competencias para contradicir a un PORN. Xa que logo, todos os apartados do PRUX que pretendan facelo quedan directamente sen efecto en aplicación do artigo 19.2 da Ley 42/2007 que establece claramente que "*Cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, existentes resulten contraditorios cos Plans de Ordenación de Recursos Naturais deberán adaptarse a estes. En tanto dita adaptación non teña lugar, as determinacións dos Plans de Ordenación de Recursos Naturais aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos*".
- Incumpre o artigo 29.2 da Ley 42/2007 ao non estar coordinado cos PORN, creando un todo incoherente, que xera unha gran inseguridade xurídica aos cidadáns, aos promotores de actividades e á propia administración autonómica.

Ademais, o tramite de información pública realizado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda incumpre o artigo 6.1 da Ley 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental (BOE 296, 11/12/2013), pois o PRUX debera someterse a avaliación ambiental estratéxica, trámite do que non consta o seu inicio e menos aínda a súa finalización polo que a tramitación do expediente debería retraerse ao momento de inicio de dita Avaliación Ambiental Estratéxica.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:

1. Proceda de forma inmediata á anulación do actual documento e depure as responsabilidades en que puidesen incorrer os membros da Dirección Xeral de Patrimonio Natural que validaron e permitiron o inicio do trámite de participación pública.
2. Inicie os traballos para dotar ao Parque Natural dun PRUX:
 - a. Adaptado en todos os seus puntos á lexislación vixente de rango superior para evitar unha previsible declaración de nulidade en instancias xudiciais.
 - b. Redactado en base ao coñecemento científico-técnico dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade presentes no Parque Natural, así como das necesidades de conservación destes compoñentes, garantindo esta a curto ou longo prazo.
 - c. Que ordene de forma obxectiva os usos e a xestión do Parque Natural, evitando ou minimizando toda afección sobre os compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade que determinaron a declaración



do Parque Natural.

- d. Contando coa participación da sociedade, e especialmente dos centros de investigación e grupos de investigación, así como das organizacións non gobernamentais que traballan e colaboran na conservación da biodiversidade e xeodiversidade de Galicia.
- e. Capaz de resolver os grandes retos que afectan a este espazo e que sexa crible e aceptado pola cidadanía.
- f. Tendo en conta as presentes alegacións.

En Santiago de Compostela a 7 de novembro de 2018

O Presidente da SGHN,



Serafín González Prieto